

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE XUÑO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

- Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de Interese Turístico: a Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira da Guarda, a Festa da Ameixa de Carril en Vilagarcía de Arousa e o Oenach Atlántico de Narón.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilardevós, para a execución de obras de mellora do pavimento da rúa Jacinto Santiago en Vilardevós, por un importe total de douscentos cincuenta e cinco mil seiscentos noventa e oito euros con trinta e catro céntimos (255.698,34 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cuarta addenda ao convenio de colaboración subscrito pola Xunta de Galicia, Augas de Galicia e o Concello de Marín para a execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas no Concello de Marín.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a organismos de investigación de Galicia para a creación, posta en marcha e impulso de unidades mixtas de investigación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, por un importe de cento noventa e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (193.353,64 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación de servizos de asistencia sanitaria especializada aos beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, que realizará o Hospital Povisa, S.A, por un importe de seiscentos millóns catrocentos oitenta mil euros (600.480.000,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as actuacións de control da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) no ano 2013. Avance de resultados do Plan especial abril 2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre os resultados do programa de Screening de cancro de mama.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Declaración institucional con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente: "Alza a túa voz, non o nivel do mar".



A XUNTA ADAPTA A LEI REGULADORA DE XOGOS E APOSTAS DE GALICIA Á DIRECTIVA DE SERVIZOS EUROPEA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei polo que se modifica a regulación dos xogos e apostas de Galicia co fin de adaptalo á Directiva de servizos aprobada polo Parlamento Europeo pola que se suprimen as autorizacións administrativas previas para organización, práctica e desenvolvemento das máquinas de xogo tipo A ou recreativas.

Grazas a esta modificación suprimense todos aqueles réximes de intervención sobre máquinas tipo A derivados da normativa de xogo autonómica, en consoancia coa normativa europea, suprimindo os procedementos e limitacións aos que estaban suxeitos estas máquinas nos salóns recreativos nos que se explotan exclusivamente.

As máquinas tipo A ou recreativas son aquelas que a cambio dun prezo lle permiten á persoa usuaria un tempo de recreo pero non conceden premio de ningún tipo agás a posibilidade de prolongar a propia partida ou de xogar outras partidas adicionais. Non se trata, por tanto, dunha actividade de xogo porque nelas non se arrisca unha cantidade de diñeiro ou obxectos economicamente avaliados, nin se producen transferencias de cantidades entre os participantes, nin se outorga premios en metálico ou especie.



O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA AMEIXA DE CARRIL E MAIS PARA A FESTA DA LAGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA DA GUARDA

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***Hoxe aprobouse tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para O Oenach Atlántico de Narón***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 101 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Ameixa de Carril, en Vilagarcía de Arousa e mais para a Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira da Guarda que cumpren os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia.

A Festa da Lagosta celébrase de modo ininterrompido dende o ano 1991 e dende o ano 2000 incluíu tamén unha mostra da gastronomía local con novos mariscos e moluscos polo que pasou a denominarse Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira da Guarda. En total celebráronse 23 edicións desta cita que ten lugar na primeira fin de semana de xullo, data fixada dende 2005.

A gastronomía guardesa goza de recoñecida fama grazas á extraordinaria calidade dos seus produtos e, en especial, da lagosta; unha especie migratoria que vive nos fondos rochosos da costa Atlántica. No século XIX foron construídas na Guarda varias cetáceas ás que só se podía acceder con marea baixa co fin de conservar crustáceos vivos, sobre todo lagostas, lubrigantes, bois de mar, nécoras, centolas e ata camaróns.

A festa conta cun carácter popular e participativo e dinamízase cunha feira de artesanía con artesáns galegos. A Guarda é Municipio de Interese Turístico dende 2001 e conta con recursos únicos como Santa Tegra, os Museos do Mar e o Museo Arqueolóxico do Monte de Santa Tegra, así como unha gran riqueza arqueolóxica e paisaxística.

As actividades fundamentais son a degustación, as actuacións musicais e teatrais e as visitas guiadas pola Ruta das Cetáceas recentemente creada. A Guarda conta tamén coa Festa do Monte con declaración de Festa de Interese Turístico dende 2009.

A Festa da Ameixa de Carril

A Festa da Ameixa de Carril naceu en 1992 na parroquia do mesmo nome para a promoción do turismo gastronómico da zona mediante a exaltación deste produto.



Celébrase nunha fin de semana da segunda quincena de agosto, coincidindo coas Festas de San Roque, patronais de Vilagarcía de Arousa.

A actividade marisqueira en Carril conta cunha tradición de 500 anos e conta coa característica distintiva da zona era non limitarse a recoller o que daba a ría, senón a cultivala para buscar o engorda.

A festa ten un carácter popular e os veciños participan activamente na celebración. Organízanse actos nos que participan as dúas organizacións representativas do sector, a Confraría de Pescadores e a Agrupación de Parquistas de Carril que desenvolven unha importante labor, cociñando e servindo as racións e montando as infraestruturas e atendendo aos visitantes.

Na última edición desta festa rexistráronse máis de 8.000 persoas entre as que se repartiron máis de 2.000 quilos de ameixas en 6.000 racións. A festa conta tamén cun Concurso da ameixa cociñada e degustación desta, no que se exploran novidasas receitas. Tamén se celebra o nomeamento da Dama e do Cabaleiro da Orde da Ameixa e o concurso no que se entregan as Ameixas de Ouro, de Prata e os galardóns ao parqusita máis novo e ao parquista de honra.

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia para o Oenach Atlántico de Narón.

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 101 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional.



O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA O OENACH ATLÁNTICO DE NARÓN

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***Hoxe aprobouse tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira da Guarda e mais para a Festa da Ameixa de Carril***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 101 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para O Oenach Atlántico de Narón, que cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia.

A Oenach Atlántico celébrase dende hai 15 edicións a última fin de semana de xullo. Trátase dunha recreación dunha aldea castrexa e conforma un evento multidimensional con base etnográfica e antropolóxico-cultural que tenta recrear as raizames da cultura e xeitos de vida rurais a partir da cultura castrexa. O festival Oenach emprega unha didáctica museística dinámica e viva, centrada na veciñanza da parroquia de Sedes como dinamizador esencial.

O Oenach Atlántico nace na localización da parcela da Feira do Trece, con centos de anos de antigüidade, de gran relevancia na comarca e que durante o florecemento das feiras da segunda metade do século XX chegou a congregar a máis de 23 mil persoas ao longo dos dous días que duraba. Era un lugar de encontro no territorio das comunidades veciñais que nese espazo trocaban e comerciaban, realizaban tratos e pactos e resolvían conflitos, ao tempo que fortalecían os vínculos familiares e veciñais, celebraban xogos e desenvolvían rituais máxico-relixiosos colectivos.

O Oenach inclúe diversas actividades como o acendido do lume, que consiste no acendido de lumes naturais dentro de cuncos de ferro e mais a realización dun espectáculo musical de dúas horas no que se mestura a danza e que se celebra no lusco-fusco do primeiro día.

Tamén se fai unha recreación museística viva dunha aldea castrexa coa construción dun grupo de pallozas nas que se expoñen útiles de cerámica castrexa, cantarías, muíños, etc. Créase teatralmente a vida cotiá e realízanse tarefas cos obxectos da época. Tamén se celebra unha feira de artesanía galega na que participan uns 40 artesáns e unha feira rural con produtos do agro e mercado aberto, no que se desenvolve a tradicional Feira do Trece de Sedes durante o domingo.



O Oenach Atlántico inclúe tamén xogos rurais de toda a xeografía e un encontro gastronómico de porco celta ao espeto, de polo de Mos, de xurelo lañado ao braseiro. De igual modo, habilítanse espazos lúdicos para os nenos e postos de restauración. Tamén se recrea a Noite do Castro, que consiste nunha representación das diferentes problemáticas das comunidades rurais.

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira da Guarda e mais para a Festa da Ameixa de Carril.

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 101 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 235.000 EUROS NA HUMANIZACIÓN E EMPEDRADO DA RÚA JACINTO SANTIAGO, NO CONCELLO DE VILARDEVÓS

- *Esta actuación contemplada no Plan hUrbe 2009-2014, pon en valor este espazo público caracterizado pola súa importancia comercial e de servizos*
- *Na actualidade, esta travesía integrada nunha estrada urbana conta cun pavimento moi deteriorado que ocasiona molestias e perigos aos vehículos e aos viandantes*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilardevós, para levar a cabo a humanización e empedrado da rúa Jacinto Santiago.

Esta actuación, recollida no Plan hUrbe 2009-2014, conta cun investimento de máis de 255.000 euros, do cal o Goberno Autonómico achega máis do 90 por cento (235.389,34 €), co fin de pór en valor este espazo público caracterizado pola súa importancia comercial e de servizos.

Esta rúa está no núcleo histórico da vila, atravesa o núcleo urbano entre as estradas Verín- Soutochao e Vilardevós- Riós, ademais da praza do Cruceiro na que se encontra a casa do concello.

Aínda que nos últimos anos a Administración local mellorou a rede de infraestruturas básicas (saneamento e abastecemento de auga), a estrutura e deseño do viario de máis de 100 anos de antigüidade foi manténdose.

Na actualidade, esta travesía conta cun pavimento moi deteriorado que ocasiona molestias e perigos aos vehículos e aos viandantes. Ademais, aos pavimentos actuais (realizados en distintas épocas) fáltanlles as definicións nas pendentas lonxitudinais e transversais que permitan a drenaxe superficial, o que ocasiona acumulacións de augas, en días chuviosos.

Desenvolvemento dos traballos

Tendo en conta que a rúa está integrada no núcleo histórico da vila, na súa urbanización empregáranse pavimentos de granito, similares aos do contorno, e debido á irregular distancia entre as dúas fronteiras de edificación, proxéctanse unhas beirarrúas de largura variable, segundo o permitan as fachadas das edificacións.

As obras terán un prazo de execución de 4 meses e o convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2014.



Plan *Hurbe*

A actuación tratada hoxe no Consello de Xunta enmárcase no Plan *hUrbe* 2009-2014 que supuxo o investimento de 90.224.122,06 euros na execución nestes 5 anos de 79 actuacións, entre urbanización e humanización de rúas e espazos públicos e dotación de equipamentos públicos, nun total de 67 concellos das 4 provincias.



A XUNTA ACTUALIZARÁ O CONVENIO CO CONCELLO DE MARÍN PARA LICITAR ESTE ANO OBRAS DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS POR IMPORTE DE 3,8 MILLÓNS DE EUROS

- *Na actualidade hai varias obras rematadas ou en execución por importe de 1,7 millóns de euros*
- *A addenda axusta as anualidades á execución das obras, o que permite manter o compromiso de investimento inicial*
- *O orzamento destinado ás obras deste convenio ascende a 5,5 millóns de euros, dos que Augas de Galicia achega máis de 5,1 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas -a través da sociedade pública de Augas de Galicia- e o Concello de Marín.

O obxectivo deste convenio está centrado na execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas no municipio de Marín, co fin de aumentar a extensión e eficacia da rede de saneamento deste concello, e así mellorar a calidade das augas da ría de Pontevedra.

Este convenio, que foi asinado no 2010, establece a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Marín para a execución de varios proxectos no rural por valor de 2.655.590 euros, financiados ao 80 por cento pola Xunta de Galicia e o 20 por cento restante polo concello. Ademais o acordo comprometía unha partida de ata 3.000.000 euros para a execución dunha obra para reducir a infiltración na rede xeral de Marín.

A addenda aprobada hoxe axusta as anualidades á execución das obras, tendo como consecuencia a ampliación do período de vixencia do convenio para manter o compromiso previsto de investimento.

Modificacións e estado das actuacións

En total as obras de infraestruturas hidráulicas proxectadas para acadar os fins que persegue o convenio entre Augas de Galicia e o Concello de Marín son sete, que, cos cambios engadidos nesta última revisión do acordo, presentan a seguinte situación:

- 1.- Beirarrúas e rede de sumidoiros en Caños de Moledo (Loira): actuación xa rematada (539.143,11 €)
- 2.- Rede de sumidoiros en Padavila Fixón: actuación xa rematada (179.078,63 €)
- 3.- Rede de sumidoiros en Cidrás: actuación xa rematada (106.325,46 €)
- 4.- Beirarrúas e rede de sumidoiros en A Miñán-A Esperala: esta previsto comezar as obras proximamente (866.493,57 €).



5.- No que respecta á mellora do colector xeral e nova impulsión en Marín, atópase en fase previa a licitación. Esta obra, que Augas de Galicia financiara ao 100 por cento, será licitada este ano 2014 e contará cun orzamento de 2.819.248,08 euros.

En canto aos proxectos restantes, que se corresponden cos redactados polo concello, estes recollen variacións técnicas. Así, a obra de saneamento en Pereiro-O Pozo desdóbrase en dous proxectos, un ramal principal e dous ramais secundarios. Licitaranse as dúas neste 2014, pero a primeira delas nun breve prazo de tempo, o que facilitará a posta en servizo das obras de Miñán-Esperela.

6.- Saneamento Pereiro-O Pozo (522.256,57 €).

7.- Saneamento Pereiro-Cadrela (536.064,32 €).

Por todo o exposto, é preciso proceder á modificación do convenio que terá efecto a partir da súa sinatura, e a súa duración recóllese ata o 31 de decembro de 2015.



A XUNTA DESTINA 9,5 MILLÓNS DE EUROS PARA ATRAER CENTROS DE INNOVACIÓN DE EMPRESAS EN SECTORES ESTRATÉXICOS PARA GALICIA

- ***A iniciativa, pioneira en Galicia, mobilizará 30 millóns incentivando a creación de centros de innovación mixtos entre organismos de investigación e empresas co fin de abrir e consolidar liñas de I+D punteiras na Comunidade***
- ***Poden beneficiarse centros tecnolóxicos, universidades, fundacións de investigación sanitaria e centros do CSIC e do IEO en Galicia, que logren o compromiso de empresas para desenvolver focos de innovación de alto impacto durante un período mínimo de 3 anos***
- ***O programa pretende achegar os organismos de investigación á empresa e incentivar a transferencia de coñecemento***
- ***A actuación enmárcase no programa Innova en Galicia, co que a Xunta segue a desenvolver a Estratexia de Especialización Intelixente***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria dun programa pioneiro en Galicia encamiñado á creación de centros de innovación mixtos por parte de empresas e organismos de investigación galegos. A iniciativa, na que a Consellería de Economía e Industria investirá ata 9,5 millóns de euros, permitirá desenvolver liñas de traballo en sectores estratéxicos para Galicia que representen focos de innovacións de alto impacto.

Deste xeito, mobilizaranse 30 millóns de euros nunha liña de actuación que, enmarcada no Programa Innova en Galicia, supón un paso máis no desenvolvemento da execución da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3). Búscase así cimentar o crecemento económico da Comunidade na innovación e en actividades de alto valor engadido.

Neste contexto, a liña nace coa finalidade de que o investimento público exerza como panca para a atracción de capital privado con destino á innovación galega, acompañando a aposta de grandes empresas por Galicia. Cómpre salientar que distintas compañías dos sectores farmacéutico, das TIC, da automoción e da aeronáutica mostraron xa o seu interese nesta fórmula.

Estes centros de innovación, que se manterán durante un período mínimo de 3 anos, contarán co compromiso conxunto de Xunta, centros tecnolóxicos e de investigación galegos e empresas. Deste xeito, impulsarase a creación de emprego cualificado; desenvolveranse as capacidades dos centros galegos ao servizo do sector produtivo en áreas punteiras; e mellorarase a competitividade das empresas galegas grazas á transferencia de coñecemento en sectores estratéxicos e ao efecto tractor que exercerán ditas unidades a nivel local.



Os beneficiarios serán centros tecnolóxicos, universidades, fundacións de investigación sanitaria e centros galegos do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) que acrediten ter captado o interese e o compromiso de empresas para desenvolver conxuntamente liñas de traballo en ámbitos estratéxicos para a economía galega.

A intención final pasa por promover a creación de polos tecnolóxicos de excelencia en campos como os vehículos intelixentes, a industria aeronáutica e aeroespacial, o deseño de novos fármacos, a aplicación das TIC ao eido sanitario, novas fórmulas para a explotación enerxética da biomasa e outros aliñados coas prioridades establecidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

O resultado debe ser unha unidade mixta de I+D con entidade física propia, persoal da empresa destinado nas súas dependencias e un orzamento mínimo de 2 millóns de euros. As axudas públicas cubrirán o 30% do orzamento total. A empresa deberá achegar como mínimo o 40% do orzamento da unidade, mentres que o organismo de investigación socio terá que completar o investimento con fondos propios.

O centro e a empresa traballarán conxuntamente nas liñas de investigación e participarán tamén de maneira conxunta dos resultados e da propiedade intelectual relativa a estes e á súa explotación. Isto suporá que as unidades non serán só un foco de coñecemento punteiro radicado en Galicia, senón que tamén activarán a posta en valor dese coñecemento no mercado, o que se traducirá en activos para mellorar a competitividade e o crecemento económico da comunidade.

As axudas asignaranse tendo en conta a contía da achega realizada pola empresa e polo centro e o interese estratéxico que as liñas de I+D representen para Galicia. Por outra parte, terán unha especial consideración as propostas que supoñan a instalación de unidades nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrolterra e a Costa da Morte.



CULTURA E EDUCACIÓN MANTÉN O SEU COMPROMISO COA ATENCIÓN ESPECIALIZADA A MÁIS DE 360 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL A TRAVÉS DA RENOVACIÓN DA COLABORACIÓN COA ONCE

- ***A Consellería destinará a esta medida de atención á diversidade máis de 193.000 euros, en prol dun ensino de calidade axustado á diversidade***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á renovación da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a ONCE, confirmando o compromiso do departamento educativo do Goberno galego coa atención especializada a máis de 360 alumnas e alumnos con discapacidade visual e, en xeral, coa educación inclusiva e a atención á diversidade do alumnado galego.

Ao abeiro deste acordo, a Consellería destinará máis de 193.000 euros á contratación de 6 profesores especializados na atención do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave. Este profesorado terá como función apoiar este alumnado, tanto en educación primaria, 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. Así, o convenio é un garante para a inclusión educativa deste alumnado – a través da súa escolarización en centros ordinarios-, a accesibilidade aos recursos tecnolóxicos e a transcripción e gravación a *braille* dos libros de textos e dos materiais curriculares.

Ademais, a colaboración entre a ONCE e a consellería repercute na mellora dos centros educativos nos que estuda este alumnado, facendo realidade unha intervención educativa de calidade, axustada á diversidade de cada alumna e alumno, cunha intensa cooperación entre todas as persoas implicadas.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación continúa a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ASISTENCIA SANITARIA ESPECIALIZADA AO HOSPITAL POVISA

- ***A poboación de referencia terá un límite de 139.000 persoas, con libre elección***
- ***O concerto terá unha duración de oito anos e poderá ser prorrogado dous máis***
- ***O orzamento será o resultado de aplicar unha cápita de 540 euros por persoa e ano polo número de usuarios adscritos ao Hospital Povisa***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación de servizos de asistencia sanitaria especializada ao Hospital Povisa á poboación que libremente o elixa, asignada aos centros de saúde dos concellos de Cangas do Morrazo, Bueu, Marín, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueles outros que a Administración determine do Concello de Vigo.

Mantense a carteira de servizos actual e a poboación de referencia terá un límite máximo de 139.000 persoas. O concerto terá unha duración de oito anos e poderá ser prorrogado ata un máximo de dous anos máis.

O orzamento será o resultado de aplicar unha cápita de 540 euros por persoa e ano polo número de usuarios adscritos ao Hospital Povisa.

Anualmente asinarase entre o Hospital Povisa e o Servizo Galego de Saúde un acordo de xestión que recollerá os obxectivos e indicadores asistenciais que deberá acadar o centro para ese ano. O incumprimento dos obxectivos establecidos penalizarase ata o 3% do importe anual establecido.

En todo caso, a avaliación de obxectivos axustarase aos criterios establecidos para os centros do Sergas. Neste sentido, o cumprimento de obxectivos do centro deberá acadar polo menos a media dos acadados polos dos centros do Servizo Galego de Saúde.



AS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E INSPECCIÓN DA ATRIGA PERMITIRON DETECTAR EN 2013 IMPORTES NON DECLARADOS POR MÁIS DE 150 MILLÓNS DE EUROS

- ***A ATRIGA realizou o pasado ano máis de 229.000 revisións de autoliquidacións dos principais impostos, das que o 86% eran correctas e non precisaron modificacións***
- ***O aforro acadado pola ATRIGA nos dous primeiros anos de funcionamento será de case 5 millóns de euros, na liña dos obxectivos marcados polo Goberno galego***
- ***No primeiro cuadrimestre de 2014 incrementou un 32% as comprobacións no ámbito do Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD), no que incide o plan de loita contra a fraude fiscal deste exercicio***
- ***Nestes primeiros catro meses, o organismo tributario galego realizou tamén 154.000 valoracións de bens no ISD, un 47% máis que no mesmo período de 2013***
- ***Ademais de mellorar o traballo de xestión e inspección, a Axencia Tributaria de Galicia tamén incrementou a información ao contribuínte para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias***

As actuacións de comprobación e inspección da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) permitiron detectar o pasado ano importes non declarados por máis de 150 millóns de euros, segundo reflicte un informe sobre o primeiro ano de funcionamento deste organismo presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz.

O informe pon de manifesto que a ATRIGA –que empezou a funcionar en xaneiro de 2013- realizou no pasado exercicio un total de 229.887 comprobacións de autoliquidacións no eido do Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD) e no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD). Ambos os impostos concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados por este organismo.

Destas preto de 230.000 comprobacións, en máis do 86% dos casos a Administración confirmou que a autoliquidación do imposto presentada polo contribuínte era correcta. No resto dos casos, a ATRIGA practicou unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade.

Destes máis de 150 millóns de euros, a maioría, un total de 137,6 millóns, deriváronse de actuacións de xestión, mentres que os 16 millóns restantes foron como consecuencia de labores de inspección.

Por outra banda, as comprobacións practicadas detectaron que tan só pouco máis do 3% das autoliquidacións presentadas polos contribuíntes tiñan aplicados de forma incorrecta algúns dos beneficios fiscais que ten en vigor o Goberno galego.



Plan de control tributario 2014

En canto ao exercicio 2014, o Plan de control tributario que se publicou a pasada semana no DOG inclúe no ámbito da xestión e da inspección tributaria liñas de actuacións de carácter xeral e actuacións de carácter preferente.

Dentro das actuacións xerais destacan a comprobación de autoliquidacións, a comprobación do valor real dos bens e dereitos transmitidos ou a investigación do feitos impositivos non declarados. Por outro lado, entre as actuacións preferentes están a comprobación dos beneficios fiscais; a delimitación IVA-ITP, é dicir, a suxeición a un ou outro imposto; a comprobación da masa hereditaria no Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD); ou as comprobacións en materia de xogo e tributos propios medioambientais.

A ATRIGA decidiu priorizar as súas actuacións no ámbito do Imposto de Sucesións e Doazóns porque resulta máis eficiente, posto que o ano pasado cun terzo das liquidacións derivadas de comprobacións, obtivéronse máis de dous terzos do importe total aflorado.

Respecto ao balance do primeiro cuadrimestre do ano, a Axencia Tributaria de Galicia incrementou un 32% as comprobacións de autoliquidacións no ámbito deste imposto, que é no que se centra o plan de control e loita contra a fraude fiscal aprobado para este 2014. Entre xaneiro e abril realizáronse 39.292 comprobacións, fronte ás 29.855 do mesmo período do ano anterior.

Este aumento das actuacións de control permitiu elevar tamén o número de liquidacións no ISD efectuadas pola ATRIGA, que medrou un 31% respecto ao primeiro cuadrimestre de 2013. Tamén creceu o número de bens valorados (un 47%), ata superar os 154.000 en só catro meses.

O informe presentado pola conselleira de Facenda tamén fai balance do aforro acadado pola Axencia Tributaria de Galicia, que se situará nos case 5 millóns de euros ao final do presente exercicio, cumprindo así os obxectivos marcados coa posta en marcha deste organismo.

Máis facilidades ao contribuínte

Ademais do labor de comprobación e inspección, outra das prioridades da ATRIGA é facilitarlle ao contribuínte o cumprimento das obrigas tributarias. Para iso, a Administración galega está a potenciar a Oficina Virtual Tributaria (OVT) como un mecanismo que supón un importante aforro de tempo e de custos para a cidadanía, xa que a miúdo lles evita acudir presencialmente ás dependencias da Administración para realizar determinados trámites que agora pode realizar dende o seu domicilio.



A OVT permitiu aforrar a cidadáns e empresas preto de 113 millóns de euros dende 2009, ao tempo que serviu para mellorar a produtividade na Administración e elevar a transparencia cara ao contribuínte. O pasado ano, a Oficina Virtual Tributaria recibiu case 670.000 accesos, de modo que esta ferramenta telemática recibiu máis de 1.800 accesos ao día, o que demostra o uso cada vez maior das novas tecnoloxías na presentación dos impostos xestionados pola Xunta.

De feito, o 100% dos impostos xestionados pola ATRIGA poden presentarse xa por vía telemática, o que lle permite a calquera contribuínte realizar este trámite as 24 horas do día os 365 días do ano, e sempre coa máxima seguridade. Tamén se pode realizar por esta vía o pagamento de taxas, prezos, multas e sancións. Así, o 58% das autoliquidacións de impostos presentadas en 2013 foron a través da internet, mentres que as presentacións en papel reducíronse neste período ao 42%.



O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA ACADOU UNA PARTICIPACIÓN SUPERIOR AO 80% NO ANO 2013

- ***Das 137.367 mulleres exploradas, tan só un 3,07% foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo***
- ***Máis do 93% dos cancros diagnósticanse en estadios 0, I e II, nos que a supervivencia os 5 anos supera o 97%***

O Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de Mama da Consellería de Sanidade acadou, durante o ano 2013, unha taxa de participación do 81,70%, unha das máis altas do Estado, por detrás de Navarra. Esta porcentaxe sitúase por riba dos límites establecidos polas Guías Europeas de Garantía de Calidade en cribaxe mamográfica.

A taxa de participación na provincia da Coruña foi dun 80,54%, en Lugo dun 85,75%, en Ourense dun 81,05% e en Pontevedra dun 81,91%. Insto supón que nas catro provincias se acadan os obxectivos de participación do programa.

En total, durante o pasado ano, exploráronse a 137.367 mulleres entre 50 e 69 anos, das cales na maioría dos casos, o resultado da mamografía foi a ausencia de lesións sospeitosas, tan só un 3,07% das mulleres foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizados e obter un diagnóstico definitivo.

A supervivencia está intimamente ligada ao estadio do diagnóstico. Así, máis do 93% dos cancros diagnósticanse en estadios 0, I e II, nos que a supervivencia os 5 anos supera o 97%. Ademais, a supervivencia das mulleres diagnosticadas polo programa é superior á das mulleres diagnosticadas fóra deste.

Estrutura asistencial

A estrutura asistencial do programa está formada polas unidades de exploración, que é onde se realiza a proba mamográfica ás mulleres entre 50 e 69 anos; polas unidades de avaliación radiolóxica, que é onde está centralizada a lectura das mamografías; e polas unidades de diagnóstico e tratamento, que están integradas polos servizos de radioloxía, cirurxía e/ou xinecoloxía dos hospitais públicos galegos.

A lectura das mamografías está centralizada nas unidades de avaliación radiolóxica, formadas por radiólogos que pertencen aos servizos de radioloxía dos complexos hospitalarios da Coruña, Pontevedra e Lugo. A calidade da avaliación radiolóxica está garantida pola experiencia dos radiólogos na lectura de mamografías de cribaxe, pola súa formación continuada e polo feito de que as mamografías de cada muller son lidas

por dous radiólogos de xeito independente, co que se asegura a máis correcta interpretación das imaxes radiolóxicas.

No que atinxe ás unidades de diagnóstico e tratamento, todas elas contan cun comité de mama no que participan especialistas das diferentes áreas, radiólogos, xinecólogos, cirurxiáns, oncólogos e patólogos, entre outros. A elas son derivadas as mulleres que necesitan unha valoración clínica adicional para o seu diagnóstico definitivo e, se é preciso, para o seu tratamento.

Modernización e renovación

O Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de Mama levou a cabo unha modernización e renovación da súa estrutura asistencial co obxectivo de aumentar a súa calidade e actualización tecnolóxica. Así, facilítase a accesibilidade ás unidades fixas, ampliando o seu número mediante a apertura de sete novas unidades nos hospitais comarcais de Galicia e reforzando, ao mesmo tempo, a actividade das unidades fixas mediante a ampliación da súa capacidade operativa en sesións adicionais de traballo en horario de tarde nalgunha delas dependendo das necesidades do programa.

Este esquema de funcionamento permite que as usuarias que acudían ás unidades móbiles poidan realizar a súa exploración coas condicións de calidade técnicas e de servizo que se poden ofrecer nunha unidade fixa, e que son superiores ás que se dispoñen nas móbiles, como o confort ou o acceso á mamografía dixital, entre outras. Neste sentido, os resultados obtidos en todas as campañas realizadas nas novas unidades fixas dos hospitais comarcais amosan que as porcentaxes de participación superan ás obtidas en anteriores campañas, que foron realizadas a través de unidades móbiles.

Para ser citadas polo Programa, todas as mulleres reciben no seu domicilio con 15 ou 20 días de antelación unha carta personalizada, na que se inclúe o lugar, data e hora na que se ten prevista a súa exploración. Isto garante a axilidade na prestación do servizo, evitando esperas innecesarias. Así mesmo, existe un teléfono de atención ás usuarias (981 14 14 14) onde poden xestionar os cambios de cita cando o precisen. Deste xeito, e coa posta en marcha das unidades fixas nos hospitais comarcais, poden adaptar a súa cita previa de acordo coas súas preferencias ou necesidades ao non ter que restrinxir as posibilidades de atención aos días concretos que fixe a unidade móbil.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA DO MEDIO AMBIENTE

ALZA A TÚA VOZ, NON O NIVEL DO MAR

O Día Mundial do Medio Ambiente (DMMA) é unha das ferramentas principais das Nacións Unidas para impulsar a sensibilización e acción polo medio en todo o mundo.

Este ano, as Nacións Unidas vinculan este día cos Pequenos Estados Insulares en Desenvolvemento que tamén celebran neste 2014 o seu ano internacional, facendo fincapé na necesidade urxente de protexer as illas dos crecentes riscos e desafíos aos que se enfrontan como consecuencia do cambio climático.

As previsións acerca da evolución deste fenómeno auguran no conxunto de planeta un incremento das temperaturas de entre un e dous graos cara ao 2050, dependendo da cantidade de gases de efecto invernadoiro que emitamos á atmosfera. As repercusións derivadas deste quecemento prevense desiguais en intensidade e distribución territorial, pero todo indica que serán máis dramáticas para aqueles que están en peores condicións de afrontalas, xa sexa pola latitude, altitude ou contorno de cada territorio ou pola carencia dos recursos necesarios para poñer en marcha as necesarias medidas paliativas e de adaptación.

Galicia non debe ficar indiferente ante esta chamada a prol da solidariedade cos pequenos estados insulares que quizás estean sometidos aos riscos máis dramáticos, polo aumento do nivel das augas derivado do quecemento global, pois o mesmo fenómeno ameaza ao noso maravilloso patrimonio insular protexido do Parque Nacional das Illas Atlánticas e ao litoral costeiro das tres das provincias galegas que miran ao mar, parte esencial do noso ser e sentir e da nosa riqueza cultural e económica.

Certamente, o patrimonio natural galego vén achegando unha importante contribución para mitigar o efecto invernadoiro, que está na orixe do cambio climático. As nosas árbores, que ocupan preto da metade da superficie total de Galicia, cumpren unha importante función ecolóxica, non só pola súa incidencia na flora e fauna silvestres, a conservación do solo ou a regulación do ciclo hídrico, senón tamén pola súa capacidade para fixar dióxido de carbono e liberar osíxeno.

Na esfera institucional, a Xunta de Galicia renova o seu compromiso de seguir a participar activamente nos esforzos coordinados desde o ámbito internacional para seguir a loitar contra o cambio climático e as súas consecuencias, co desenvolvemento de ferramentas de detección precoz e xestión de riscos ou coa mellora do coñecemento



das vulnerabilidades dos ecosistemas galegos ante inundacións, incendios, episodios de contaminación atmosférica e adversos de orixe climática.

Esta conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente segue a poñer en evidencia as estreitas relacións e interconexións das cuestións ambientais e o valor da máxima de "pensar globalmente, actuar localmente", que condensa a importancia das pequenas accións, dos pequenos xestos individuais para acadar grandes resultados.

Desde Galicia, desde cada lugar, coas pequenas accións de cada un, podemos axudar a manter e mellorar o noso contorno, co convencemento de que o noso labor sempre transcende do máis inmediato para contribuír a un mundo mellor, máis habitable e, en definitiva, máis sustentable.

